

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez** e o deputado **Antón Sánchez García**, membros do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **interpelación**, relativa ao anuncio de construción de petroleiros por parte de Navantia.

Co gallo da cercanía das eleccións municipais, a Xunta achega o seu ritual de novos contratos de fume para os estaleiros públicos da ría de Ferrol. Neste caso o anuncio é de 3 petroleiros, con opción a outros 3. Tres máis tres igual a seis. Esa aritmética é a que precisa o partido que sostén o goberno da Xunta para non perder as vindeiras eleccións municipais e andaluzas.

A carta de intencións asinada co armador basco Ondimar Transportes Marítimos LDA semella repetir un guión xa escrito con anterioridade. Houbo unha campaña electoral, no ano 2012, para elixir o Parlamento Galego na que o goberno da Xunta tentou manipular co anuncio da flota de PEMEX a construír nos estaleiros galegos, segundo os cales Navantia construíría parte de 2 quimiqueiros, 2 floteis e 14 remolcadores. Cando as eleccións europeas chegou o anuncio da construción do BAM. Tamén se publicitou que Navantia tiña opcións para participar na construción de 2 gaseiros para Repsol e Gas Natural.

A pouco que Navantia tivera unha carga de traballo semellante a carga de mentiras que expelen os gobernos do PP, a situación de Ferrolterra, do naval galego en xeral sería ben outra e mellor.

Hoxe, cando apreta o calendario electoral a factoría de ilusión da Xunta nos anuncia 3 petroleiros. Anuncio que chega logo do penúltimo desengano que nos inflixiu Pemex coa rebaixa da súa proposta investidora.

Hoxe segue Navantia Ferrol sen dique flotante e sen cobertura para un dique seco. Hoxe segue Navantia Fene sen un plan industrial, de investimentos produtivos e ampliación de plantilla que lle permita entrar no mercado mundial da construción civil caída a formalidade do veto e limitacións anexas. Hoxe a plantilla de Navantia segue en subocupación e milleiros de traballadores e traballadoras das auxiliares no paro e xa sen protección social algunha. Hoxe se incumpren os acordos do 2001 sobre condicións de traballo no interior das factorías cobrando menos por igual traballo uns traballadores respecto outros.

Cómpre pór fin á modalidade de goberno que o mentir e incumplir os programas electorais constitúese unha forma de corrupción, que ademais destrúe a confianza no público entre unha cidadanía presa do paro, da precariedade, das rebaixas salariais, da carestía da vida en xeral.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte INTERPELACIÓN:

- Coñece a Xunta á carta de intencións asinada para realizar varios petroleiros? De coñecela vaina facer pública para que a coñeza a representación sindical da plantilla, as organizacións políticas e a cidadanía en xeral?
- Vai realizar a Xunta algunha xestión para que se constrúa o dique flotante en Navantia Ferrol e un novo dique seco?
- Vai realizar a Xunta algunha xestión para que Navantia Fene dispoña dos investimentos produtivos e de plantilla necesarios para volver o mercado mundial da construción civil pública?

En Compostela, a 13 de marzo.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/03/2015 14:14:05